

## Elías PORTELA vs. Elías “Knörr”

Miña nai era unha serea

Fumaba dunha pipa mariñeira  
E bebía augardente salgado

Saía á ventá  
Asubiando coma un barco

(de *Imaxes Na Pel*, Morgante 2009)

Sucedera un erro de primavera  
E as bacantes choraban  
    polo enólogo eunuco  
        prostrado enriba das flores  
        coleccionando aromas e alerxias  
            entre versos sáficos e trocaicos  
        gardando o museo das estatuas  
        na bodega do seu ventre

(de *Imaxes Na Pel*, Morgante 2009)

Hoxe  
Axeónllome ante o sol asulagado  
E a lingua do lume láíase  
    no meu peito  
    no meu porto...

Hoxe  
    parto  
coa miña barba ardendo

(En *Imaxes Na Pel*, Morgante 2009)

O aforcado verde  
    aínda funciona  
    coma unha ameaza  
        cadente  
    aínda funciona  
    coma un celeiro esmeralda  
    velando dende as nubes  
    gardando o licor da sega verde  
        entre as costelas

É un reloxo a piques de caer  
Unha campá  
    madurando coa morte

(de *Cos Peitos Desenchufados*, Barbantesa 2011)

Despois da muiñada do inverno  
faise lene  
    a ruleta do desexo  
dulcificácese

Coa súa tranquilidade biciletaria  
atravesa o verán  
paseando  
lambendo lentamente o leite do litoral  
con trazas de turista xiratorio

(de *Cos Peitos Desenchufados*, Barbantesa 2011)

## Consello 1

Cando desexes comer comida pra gatos, pensa que ostentar un bigote arremangado non é cousa sinxela. Pensa que non é dabondo levar garabata nin vestirse con roupa de ir a misa e camiñar como a brétema. Ademais tes que estar moi limp@. Tampouco abonda con ducharse ou tomar un baño espumoso que che descalcifique a pel. Non, cómpre lamberse e ben. Tampouco é aconsellable que te lamba a túa parella ou algún especialista da prostitución. Non, un debe lamberse a si mesmo, e tragar con todo.

Unha vez ben lindiñ@ e preparad@ e coa humanidade reducida a unha tarxeta de visita, só tes que ir onda o gato do veciño e quitarlle a comida do prato. Esta é, sen dúbida, a parte máis doada do asunto.

(de *Cos Peitos Desenchufados*, Barbantesa 2011)

## Poema pra non galegofalantes Nº 1

Toleou<sup>1</sup> a corrente da muiñeira<sup>2</sup>  
labrando o chan<sup>3</sup>  
creando estelas de marusía<sup>4</sup>  
Rabuñou<sup>5</sup> o seu ventre  
sementando<sup>6</sup> unha marisma

(de *Cos Peitos Desenchufados*, Barbantesa 2011)

Troupelean  
os mecanismoslésbicos

Cantan  
as centrais eléctricas  
e as fábricas  
Alzan os seus membros acoirazados  
ó ceo

Nas searas  
estombállanse os segadores  
Ensoñacións produtivas  
abrollan nas íngoas

No ventre  
martelan os mineiros  
relámbense os condutores

Todo o sistema traballa doce e soviéticamente

Enxeñeiros  
e tamén pioneiros  
hoxe loitan polo orgasmo libre

(de *Cos Peitos Desenchufados*, Barbantesa 2011)

---

<sup>1</sup> Maduró sexualmente.

<sup>2</sup> Mujer de dientes apasionados.

<sup>3</sup> Piel o manuscrito.

<sup>4</sup> Anacronismos profundos.

<sup>5</sup> Sembró con violencia.

<sup>6</sup> Memorizando.

Devorada polos camións  
Desexada polo sexo  
das motocicletas  
Non son máis ca unha estrada  
Onde se imprimen os gatos

(de *Cos Peitos Desenchufados*, Barbantesa 2011)

## **Drama 1**

CÆSAR: Vingareime.

PHENIX: Acaso esperas algún sacramento máis profundo?

CÆSAR: Eu, certamente, non. Se gozo facéndoche traga-las cinzas do cemiterio, gozo entón coa miña absoluta limpeza.

PHENIX: Pois a que agardas? A min, o teu circo lexislativo non me pode humillar; igual que a ti os meus martirios non te poden alimentar. Sinceramente, como podería eu obter unha gloria máis perfumada que facendo latexar dentro de min as carnes da memoria? Todo o mundo afirmaríase que lles abrín un altar no peito; aínda que esquecesen a súa propia pel, non negarían que lles bauticei a inocencia... Mais os tiranos coma ti nunca durmirán espídos.

CÆSAR: Non. Ti estás soa. Vives no ventre dunha mitoloxía, e axiña vai afogar a túa voz. Estás soa.

PHENIX: Mais todos me ven, e aínda respiran porque eu respiro.

CÆSAR: Abandonareite lonxe do entendemento.

(de *Cos Peitos Desenchufados*, Barbantesa 2011)

## **Fragmento I**

A luz do himno, os paxaros, e as larvas do horizonte  
as larvas do amor no horizonte  
e o encanto das coplas ateigadas de bolboretas  
enfiaron alarmas no campanario

Foi cando os sacerdotes comezaron a peitea-las estrelas  
E foi porque comezaron a chamala con nome de trenza  
con nome de meiga e con nome de tecedora

Pola luz do himno, os paxaros, e as larvas do horizonte  
as larvas do amor no horizonte  
enviadas ó ceo cunha cheminea eclesiástica

(dun poemario de fragmentos inéditos do  
proxecto *Vawkarranoal*, 2º premio no  
*XII Premio de poesía Díaz Jácome 2011*  
como “Lingua de lais: nas chagas do vento”)

As campás aran as horas no ar  
mentres os monxes desesperanzados  
lamben o leite negro dos manuscritos

As pregarias desbrozan o ceo  
mentres o meu pescozo estira  
nas alturas  
converténdose en campanario

(En *O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido*,  
Barbantesa 2012; trad. do islandés)

Dúas amas de casa  
    bailan sobre a cordela  
        dun tendal  
e fan o amor con funambulismos

Unha é unha mariposa de seda  
e a outra é flor de algodón

Baixo os efectos da limpeza  
    escriben poemas na colada

*(de O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido,  
    Barbantesa 2012; trad. do islandés)*

Non, cando esperte non me vou acender e converterme nunha típica monxa de claustro, colgada do teito como a lámpada máis ornamental. Non, eu vou converterme en mariñeiro da fin do mundo e vagar polos océanos e as ruínas do mar e os restos e os vestixios salgados, ata que atope un reflexo tranquilizador. Ata que poida durmir de novo.

*(de O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido,  
    Barbantesa 2012; trad. do islandés)*

Invitei ó biólogo ao meu xardín de atrás  
Alí estivo admirando cada unha das miñas lámpadas  
e púxose a bailar coma unha avelaiña

Estades espida  
vexo como os vosos segredos alumean  
como orgasmos  
    dixo el

Estades peneque dixen eu

Mais non cego  
    dixo el

e continuou investigándome

*(de O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido,  
    Barbantesa 2012; trad. do islandés)*